

PREGUNTAS

1. ¿Cal é a situación actual, e perspectivas, da valoración da Dirección Xeral de Patrimonio do pavimento atopado baixo a rúa Real? ¿Tense que variar o proxecto ou vai poder continuarse?.

ROGOS

1. Se atendan as lexítimas reclamacións dos veciños do lugar de Casaldrago en San Clemente, tanto da longa demanda do saneamento e abastecemento, como da construción dun tramo de vieiro para que os nenos que van o Colexio non teñan que esperar o autobús na estrada autonómica, moito mais perigosa por densidade de tráfico e velocidade de circulación, e sí o poidan facer no campo da festa do lugar, así como a construción dun local social para todos os veciños do lugar.

2. Este rogo xa e repetido, pero a situación cada vez é mais perigosa, que se repare a ponte sobre o río Bermaña do vieiro que vai dende a estrada N550 en Bemil, a altura de Clavo Congelados ata o lugar da Aboi, preto do Camiño de Santiago, posto que se atopa nun estado lamentable e moi perigoso, non se debería esperar a que ocorra unha desgracia.

PLENOS ANTERIORES SEN RESOLVER.- Como vemos que non atenden os rogos dos grupos da oposición e tras presentalos nos plenos e asumir Vostede o compromiso de atendelos nunca fai nada, imos a ir arrastrando e repetindo continuamente nos plenos seguintes os rogos que vexamos que non son atendidos. Son estas:

PREGUNTAS

1. ¿Que foi o que pasou co aparcamento de detrás do Concello? ¿Como é posible que a propiedade teña de voltar a pechar con pedras?.

2. ¿Pensa o seu goberno que as obras do separativo da rúa Real estarán rematadas no prazo establecido na prórroga concedida? ¿Cómo é posible que ninguén se dirixira os comerciantes e veciños da rúa que algún día chegaban e atopaban o seus negocios sen acceso? Voltamos a recordarlle que a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia puxo como condición que en todo momento se permitira o paso dos peregrinos e que se debería estar sinalizada a zona de paso, algo que non se está a cumprir, todos dos días atopamos a peregrinos totalmente desorientados sen saber por onde teñen que pasar.

3. O Colexio Público de San Clemente seguen se estar conectado a rede de sumidoiros ¿Cando pensa atender todas as peticións da ANPA e da Dirección de este centro e que xa lle trasladamos nos no seu día?

4. ¿Cómo é posible que os caldenses estean estes días a recibir notificacións masivas da Dirección Xeral do Catastro alterando valores catastrais pola incorporación do novo PXOM a planimetría do Catastro de cas fincas mal referenciadas e localizadas? Algún veciño recibe unha valoración excesiva porque lle incorporan parte da parcela do lindeiro ou incluso algunha construción.

5. ¿Pensa Vostede facer algo en relación co aparcadoiro indiscriminado de vehículos diante da vivenda do lugar de Barreiros, N^o20 en Tivo que impide acceder a vivenda dos seus propietarios e a circulación de vehículos con normalidade polo vial?

6. Qué explicación teñen Vostedes o feito de que non convocaran o Pleno obrigatorio de Decembro?.

7. Agradecerlle que nos escoitara e tomaran medidas para repartir baldosas ca numeración das casas do rural para que os servicios de reparto de paquetería, os sanitarios, e calquera que o precise poidan atopar as casas polos seus números, queremos agradecerllo porque foi unha petición nosa xa fai varios meses, non é sen tempo, pero coma sempre todo se fai tarde mal e chapuceiramente ¿Como poden repartir Vostedes os números persoalmente os veciños en plena sexta ola de Covid e cos números que ten Caldas de positividade? e outra cousa ¿Como pode ser que estean a repartir estes números que paga o Concello candidatos non electos da lista do PSOE? ¿Quenes son esas persoas para facer un reparto de material municipal?

8. ¿Solucionouse o problema da fonte do Pazo en Santa María, que de feito os veciños chegaron a presentar escrito de reclamación ca sinatura de todos?

9. ¿Que prazo oficial teñen para finalizar as obras da substitución dos servicios de saneamento e abastecemento da rúa Real? ¿Cando teñen previsto rematar?

10. ¿Podería dicirnos a que especie vexetal pertence os arbustos dos maceteiros suspendidos da rúa Real?, por certo ¿Cando pensan cambiar as luminarias fundidas da rúa Real?

11. ¿Como se pode permitir que o día de mercado estean toda a mañá os vehículos estacionados nas rúas Real e Hornos? Terán que descargar as súas cousas e logo aparcas os vehículos nunha zona permitida.

12. ¿Que pensan Vostedes facer co absoluto estado de abandono do Pavillón dos Deportes, en especial da sucidade, dos detrozos e da falta absoluta de limpeza dos vestiarios?

13. ¿Que pensa Vostede facer en relación co lamentable estado de moitos viais dos núcleos rurais e ca súa absoluta falta de mantemento?

14. Comprometeuse cos veciños, e xa llo preguntamos en plenos anteriores, a reasfaltar a estrada no antigo tramo da N640 en San Andrés. ¿Pensa facelo?

15. ¿Pensa Vostede facer algunha labor de limpeza e mantemento da caseta da carballeira (antiga aula da natureza) ou espera que se pudra de caia sola?

16. ¿Cando pensa Vostede levar as obras que comprometeu ante o veciños de Casaldrago para que poidan chegar os autobuses de transporte escolar ata o medio do lugar? Lembrámoslle que se comprometeu que comezarían neste curso rondando o mes de marzo.

17. ¿Cando ten pensado dotar dun servicio tan básico como é o saneamento os lugares de Ribocias e Casaldrago?

18. ¿Cal é o motivo polo que non se conectaron ao saneamento todas as vivendas do lugar de Badoucos (Arcos da Condese)?

19. ¿Tense solicitado ou previsto solicitar a instalación de fibra óptica nos lugares de Ameal, Valsordo e Penalta?

20. ¿Tense solicitado ou previsto solicitar a instalación de fibra óptica no lugar de Paradela?

21. Situación do alcantarillado da zona sur (Ameal, Valsordo, Penalta)? Se mandou unha carta con un acordo co concello de Portas, hai algún proxecto? Que lugares se van a conectar? Que sucede co tramo feito en 2011 en campaña electoral? Foi só para a foto? Vai a poder usarse? Vai a valer para enganchalo coa depuradora de Briallous ou haberá que levantado e facelo todo de novo.

22. Si se ten previsto facer o saneamento no lugar da Arosa (Arcos da Condese)

23. ¿Como é posible que un alcalde socialista como o de Vilagarcía decidise suspender o cobro das plusvalías cando saleu a primeira sentenza desfavorable e no noso concello se seguisen cobrando?

24. Tendo en conta a urxencia dos dous saneamentos de Paradela (Bemil) e do Reguengo (Godos) ¿xa se lle remitiu os proxectos a Augas de Galicia para que poidan comezar a traballar?

25. ¿Xa se retiraron os ferros perigosos que había no xardín? Xa avisamos no pleno anterior.

26. O 19/8/2019 presentamos escrito de petición a Alcaldía de arranxo da fonte de Moar no lugar de Follente na parroquia de Bemil ¿Cando pensan Vostedes atender a demanda dos veciños do lugar e proceder os arranxos solicitados para esta fonte?

27. ¿Ten dotada a partida orzamentaria para asumir os custos das expropiacións precisas en Carracedo para poder facer a rotonda no acceso a AP9 na estrada provincial de Caldas-Catoira?, e reiteramos: ¿Cando pensan Vostedes rematar os trámites administrativos e de adquisición dos terreos para executar as rotondas de Bemil e a de Carracedo no nodo da AP9 prometidas e presentadas no seu día?

28. Gustaríanos saber cal é a súa posición logo de que se aprobou a ordenanza municipal do servicio dos taxis e se publicou no BOPP en relación ca vixilancia do seu cumprimento.

29. Vendo os exemplares de carballos da Feira que están a morrer, casualmente na parte superior do parque, xusto o carón das escaleiras que dan a rúa José Salgado ¿Considera Vostede que a actuación agresiva que levou a cabo nesa zona no foi temeraria e está a provocar estas mortes, posto que eran dos exemplares mais novos do parque? ¿Segue considerando Vostede que a carballeira, vendo isto, está no seu mellor momento?

30. ¿Considera Vostede ventaxoso para o Pobo o convenio con Ministerio do Interior en relación ca cesión de 414 metros cadrados da Garda Civil a cambio de 2.053 metros cadrados de parcela municipal en toda a súa fachada o Camiño Portugués e perdendo a mellor zona da parcela para o Centro de Saúde, e aínda por riba asume construción de novo acceso o Cuartel, construción de novo valado, e novas marquesiñas e dotación dun circuíto pechado de vixilancia do Cuartel? ¿Ten Vostede competencias para facelo? ¿Está rematado o estudio de detalle? E por último ¿Onde está o convenio asinado ca subdelegada do Goberno? (Nos deixamos constancias de que eso si, apoiamos a mellora integral de ese entorno?).

31. ¿Cando pensa este equipo de goberno ter o campo municipal das corticeiras en estado de ser utilizado, e dicir, tapar a traseira da grada para que no chova sobre a xente que esta nela, ter unha iluminación adecuada e de baixo consumo que permita practicar o fútbol de noite, ou rematar de acondicionar accesos adecuados e rematar e poñer en uso a cantina?

32. O 19/8/2019 presentamos escrito de petición a Alcaldía de arranxo da fonte de Moar no lugar de Follente na parroquia de Bemil ¿Cando pensan Vostedes atender a demanda dos veciños do lugar e proceder os arranxos solicitados para esta fonte?

33. O seu equipo de goberno o ano pasado por xullo contratou por 15.444,63 euros un estudio anual, con analíticas trimestrais da auga da traída municipal para ver a presenza de toxina, e resulta que no expediente só existe, un ano despois, unha única analítica. Tratase dun tema para nos de vital importancia, ¿Onde están as outras tres analíticas que faltan?.

34. ¿Como é posible que este Des-goberno municipal teña colgado na web do Concello o PXOM de decembro de 2016 sen os cambios de outubro de 2018, que foi o finalmente aprobado, provocando unha inseguridade a todos os veciños e profesionais afectados?

35. Voltamos a preguntarlle, tendo en conta o traballo realizado para o seu partido e goberno municipal, ¿Quen paga o salario polos traballos realizados polo? ¿Con que cartos se pagan os reportaxes do NODO dos 25+1 anos (mira que leva vostede de Alcalde mais anos dos que nos pensabamos) en loa e alabanza de Vostede Deus todopoderoso e plenipotenciario?

36. ¿Qué valoración nos pode facer Vostede desta nova sentenza, e xa van moitas, do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº1 de Pontevedra que condena o Concello a pagarlle a unha empresa do noso municipio 25.625,00 euros mais intereses?

37. ¿Como é posible que os colectores do lixo de este Concello se atopen todos votado por fora?. É especialmente penosa a situación dos do Paseo Román López, pero tamén se atopan nun estado lamentable moitos outros.

38. ¿Pode Vostede explicarnos que pasou co acceso das ambulancias e persoas de mobilidade reducida o Centro de Saúde? Primeiro obras interminables, logo macetas, logo rectifican durante a mañán, etc.

39. ¿Consensuou Vostede cos veciños e placeiros o proxecto de reforma das rúas das beiras do Bermaña en Porto do Río?

40. ¿Como é posible que este Des-goberno municipal teña colgado na web do Concello o PXOM de decembro de 2016 sen os cambios de outubro de 2018, que foi o finalmente aprobado, provocando unha inseguridade a todos os veciños e profesionais afectados?

41. Voltamos a preguntarlle, tendo en conta o traballo realizado para o seu partido e goberno municipal, ¿Quen paga o salario polos traballos realizados polo Sr.Balbé? ¿Con que cartos se pagan os reportaxes do NODO dos 25+1 anos (mira que leva vostede de Alcalde mais anos dos que nos pensabamos) en loa e alabanza de Vostede Deus todopoderoso e plenipotenciario?

42. ¿Qué valoración nos pode facer Vostede desta nova sentenza, e xa van moitas, do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº1 de Pontevedra que condena o Concello a pagarlle a unha empresa do noso municipio 25.625,00 euros mais intereses?

43. ¿Que proxectos ten de próximas actuacións no campo municipal das Corticeiras?

44. ¿Que fixeron Vostedes para reclamar o Ministerio de Fomento a solución urxente dos graves problemas, cando chove, de enormes bolsas de auga acumulados no viaducto sobre o río Umia da circunvalación de Caldas de Reis? ¿Quen vai a asumir as responsabilidades se algún día ocorre unha desgracia sen facer Vostedes nada para evitalo?.

45. ¿Cómo é posible que na fase I de saneamento de Paradela se esixa a moitas vivendas que merquen un bombeo para poder volcar a súas augas fecais a rede pública de saneamento que se está instalando dentro da fase I? ¿Vaiselle cobrar algunha tasa de enganche as vivendas? ¿Qué o vai a facer

46. ¿Como é posible que no casco urbano cando choven catro gotas se sigan anegando varias rúas? ¿Teñen previsto Vostedes facer algunha obra para mellorar o aliviado correcto dos colectores?.

47. ¿Cando se pensa facer un bacheado e revisión dos viarios do rural?

48. ¿Qué pensa facer ca casa de madeira da carballeira, que actualmente non se utiliza para nada é atopase nun estado absolutamente lamentable?

49. ¿Cando pensa ter en condicións o parque público das rúas Pasionistas e A Pena, e o seu entorno? Atopase nun estado lamentable, bancos de madeira rotos, cheo de lixo, cun vehículo

abandonado a altura do parque infantil, pendente de solucionar os graves problemas de déficit de alumado, en especial o parcela que habilitaron vostedes como aparcoidoro, e para colmo a rúa da Pena está chea de baches no seu firme, algún deles de dimensión considerables.

50. ¿Qué vai facer cas composteiras pública, atópanse nun estado de conservación e uso absolutamente lamentables?

51. ¿Qué se requira a empresa propietaria da parcela da antiga subestación de Fenosa na rúa Padres Pasionistas a limpeza urxente da súa propiedade, a sua maleza invade a beirarrúas e as fincas próximas?

52. ¿Están Vostedes utilizando o tractor desbrozadora que Xunta de Galicia puxo a súa disposición para a limpeza da maleza das cunetas dos viarios do rural (nos temos noticias de que non o utilizaron nin un só día e leva mais de catro meses a súa disposición)? ¿Cando pensan limpar a maleza de todas as cunetas no inverno?

53. ¿Cando pensa Vostede esixirlle os seus “amigos” do Ministerio de Fomento en Madrid o encendido do alumado da rotonda da N640 en Godos a altura de San Simón?, Leva totalmente a escuras varios meses, co grave perigo que eso supón.

54. ¿Cómo é posible que o Sr.Balbé que non ten ningunha relación laboral co Concello poida conducir vehículos propiedade do Concello? E voltamoslle a preguntar por enésima vez ¿Cal é a súa retribución e quen lle paga?

55. ¿Cando pensa Vostede encargar a redacción do Plan Especial de Protección do Casco Antigo de Caldas de Reis que se establece no PXOM? ¿Sabe Vostede que a falta de este documento obrigatorio está a perxudicar os intereses de moitos propietarios do Casco Antigo, así como a frear proxectos moi interesantes para o noso Pobo?

56. ¿Pensa Vostede facer algo en relación co aparcadoiro indiscriminado de vehículos diante da vivenda do lugar de Barreiros, N^o20 en Tivo que impide acceder a vivenda dos seus propietarios e a circulación de vehículos con normalidade polo vial?

ROGOS

1. Se requira o Ministerio de Fomento a reparación urxente dos vieiros de servizo que fixeron en Godos no nudo de conexión do acceso o porto de Vilagarcía de Arousa, atópanse nun estado impracticable.

2. Estivemos valorando cos veciños o proxecto do saneamento do lugar de Reguengo en Godos, e existen tres temas moi importantes que se deberían arranxar neste momento, posto que logo será tarde, tratase dunha alternativa a instalación do bombeo nun dos ramais, y e a supresión do ramal previsto no proxecto de Aplus de conexión do Mimosa, así como a falta de previsión de conexión dunha tres casas de Reguengo, entre elas unha a altura do pozo con número18.

Solicitámoslle unha reunión urxente ca redactora do proxecto para expoñer estas necesidades.

3. Toda vez que as pistas da parcelaria de Godos xa están cedidas o Concello pregámoslle que proceda a dar instrucións para a súa limpeza, algunha está invadida de vexetación e outras con baches.

4. Na rede de saneamento do lugar de A Riva en Godos existe unha arqueta que debe estar atascada posto que todas as fecais desbordan pola tapa, pregámoslle que orde a súa reparación.

5. Se proceda a bachear a pista en Follente no tramo onde está previsto instalar o colector para unha vivendas e que vai ata a pontella do río.

6. Se requira o Ministerio de Fomento a urxente reparación de case que todo o firme dos vieiros da súa propiedade no tramo urbano, especialmente grave e o caso da N640 en Juan Fuentes e no entorno do Colexio e Piscina, pero sobre todo no casco urbano baixo os magnolios na parada do bus.

7. Se dean instrucións a Policía Local para evitar o aparcamento de vehículos pesados na estrada de Deputación de Pontevedra o pasar Foresa, posto que se está convertendo nun aparcadoiro masivo de camións e algúns prexudican a visibilidade, así como para que deixen de aparcarse vehículos na rúa Hornos que é peatonal.

8.

9. Que se coloque un espello na Avenida de Doña Urraca xusto no stop de saída da finca municipal detrás do edificio da Escola de Música.

10. Voltamos a reiterar a necesidade urxente de colocar espellos nos cruces e a sinalización no entorno da Escola Unitaria de San Andrés.

11. Que se faga un bacheo xeral na parcela dedicada a aparcadoiro na rúa Porto do Río, posto que se os propietarios nos permitiron utilizalo para aparcamento público o mínimo e mantelo en condicións de uso agora que ven a auga.

12. Que se mellore o alumeadado no zona do pino manso en na antiga N640 na zona que pasa por debaixo do acceso a circunvalación en San Andrés.

13. Que se poña un espello no encontro da pista que ven dende o Campo do Lobo e Paradela ca estrada que pasa por diante da igrexa de San Xusto e da reitoral.

14. Que se leve a cabo unha limpeza xeral da vexetación dos viarios no rural, en este caso recibimos queixas xeneralizadas dos veciños de Outeiro e Follente en Bemil polo estado dos seus viarios.

15. Que se repare o firme da estrada que vai dende Reirís, na parroquia de San Andrés de Cesar, a San Clemente que se atopa nun estado lamentable, que se movan os contenedores que se atopan nesa estrada e que se atopan nun lugar que permite que se convirta nunha escombreira, e que se limpe a de lixo a ubicación actual de esos contenedores. (Este rogo xa llo trasladamos varias veces e seguen sen facer nada).

16. Voltamos a reiterar por enésima vez, e ademais tratase dun tema urxente, que se movan os contenedores do lixo que se atopa na rúa Monxas o carón do portal do acceso o colexio.

17. Que se proceda a rehabilitación e limpeza dos parques infantís, agora que están abertos para o uso dos nenos, tanto os do casco urbano como os das parroquias, posto que se atopan, a maioría nun estado lamentable.

18. Que se faga un repaso en xeral do estados das pistas no rural con bacheados e re asfaltados, posto que existen moitos puntos que se atopan nun estado lamentable.

19. Que se leve a cabo unha limpeza xeral da vexetación dos viarios no rural, en este caso recibimos queixas xeneralizadas dos veciños do lugar de Lavandeira en Bemil polo estado dos seus viarios.

20. Volteamos a reiterar, e xa por activa e pasiva llo vimos dicindo, que se cambien de lugar os colectores do lixo que están na entrada do Colexio das Monxas, ca crise da Covid ese é un punto moi perigoso, posto que os nenos e pais se agolpan no acceso o colexio por culpa de que eses colectores non deixan espazo suficiente.

21. Que se revisen os lombos que se colocaron nos lugares de Asar e Cesariños na parroquia de San Clemente para ver si cumpren a normativa correspondente, xa que nos trasladaron queixas varios veciños.

22. Que se revise o piso do parque infantil da Plazuela xa que está dando varios problemas.

23. Que se proceda a rehabilitación e limpeza dos parques infantís, agora que están abertos para o uso dos nenos, tanto os do casco urbano como os das parroquias, posto que se atopan, a maioría nun estado lamentable.

24. Agora que ven unha nova subvención da Xunta de Galicia para a iluminación do campo municipal das Corticeiras, esperamos que desta os rapaces e aficionados poidan disfrutar dunha iluminación axeitada, e por elo non volte a perder a subvención. O marxen das outras enormes deficiencias do campo que ten arranxar por non consensuar as obras cos que usan as instalacións.

25. Que se faga a rehabilitación integral de este lavadoiro de 1961 de Saiar que se atopa nun estado absolutamente lamentable, como se pode apreciar nas fotos, e logo nos venden que van a valorizar e recuperar os elementos emblemáticos, e os temos neste estado:



14. Que se faga unha actuación de envergadura e urxente de control de pragas de cucarachas e ratas porque campan por todo o casco urbán e por algúns lugares do rural como nunca.

15. Que se proceda urxentemente, e xa o pedimos moitas moitas veces, a reparación das beirarrúas da N550 dende o entorno da capela de San Roque ata o antigo tanatorio.

16. Se programe o asfaltado da rúa das Carballas, porque o firme atopase nun estado lamentable.

17. Voltamoslle a lembrar a necesidade da retirada das rúas e viarios dos turismos abandonados, neste caso concreto queremos falar do vehículo estacionado na rúa Doctor Don Joaquín Potel Lesquereux e o da rúa Padres Pasionistas.

18. Se faga un control de pragas correcto do casco urbano, posto que estes días estanse a vivir episodios reiterados de ratas que entran en inmobles.

19. Se repare o aparcadoiro de bicicletas existente na rúa Porto do Rio a altura da antiga parada de taxis.

20. Que se incentive con axudas a adecentamento dalgúns baixos comerciais e inmobles do noso termo municipal, en especial aqueles que están no Camiño Portugués e na zona vella do casco urbán.

21. No tramo da rúa Joaquín Potel Lesquereux pavimentado en pedra dende a burga ata o lavadoiro se sinalice o bordillo que separa a zona dos peóns da zona de rodado de vehículos, posto que o ser un bordillo tan baixo e non sinalizado estanse a ver episodios de vehículos que invaden a zona de paso dos peóns.

22. Estanse a ver ambulancias que teñen que saír cos pacientes do Centro de Saúde marcha atrás a calzada por resultar imposible dar a volta dentro do paseo Román López, por estar cheo de vehículos aparcados.

23. Se tomen as medidas oportunas para que as bicicletas non circulen polo denominado “paseo do colesterol” dende o edificio Comarcal ata a terraza da cafetería Termas, posto que se trata de un paseo peonil e moi frecuentado por nenos e persoas maiores, sería recomendable buscar alternativas para o acceso das bicicletas o paseo do río Umia.

24. Que se requira a empresa propietaria da parcela da antiga subestación de Fenosa na rúa Juan Fuentes a limpeza urxente da súa propiedade, a súa maleza invade a beirarrúas e as fincas próximas.

25. Se limpen as cunetas do viario que vai dende a Canle ata Follente.

26. Esiximos que se fagan labores diarias de limpeza e desinfección do lavadoiro da auga quente; é moi frecuentado polo peregrinos para poder bañarse, e está cheo de lixo e de pulgas.

27. Se proceda de forma urxente o arranxo da estrada que vai dende Clavo ata a Grela, o firme está absolutamente destrozado, e o viario que en moitos puntos está mais alto que as fincas estase desmoronando, de maneira que calquera día algún vehículo vai a caer nas fincas.

28. Que se leve a cabo unha limpeza as parroquias

29. Que se leve a cabo un bacheado das parroquias.

30. Si se pode buscar unha solución na curva da nacional 550 a altura de San Roque xa que moitos peregrinos cruzan en plena curva.

31. Que se repare o alumeadado público no lugar de Cesariños, na estrada que vai César

32. Na rua Real cas obras que se están a levar a cabo os peregrinos non saben, nin teñen por onde pasar, pregamoslle que habilite zona de paso como lle esixe Patrimonio e o sinalice.